

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA O ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A AULA OBRADOIRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Pontevedra, 22 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, _____, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, e o artigo 3 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra, _____, na súa condición de alcalde do Concello de Salvaterra de Miño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio de colaboración, consonte os principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e

EXPOÑEN

I. A impartición da formación práctica correspondente ao ciclo de Carpintaría e moble de Formación Profesional Básica incluído na oferta formativa do IES de Salvaterra de Miño para dar resposta ás demandas da comunidade educativa esixe acondicionar os espazos e instalacións do centro necesarios para destinalos á devandita finalidade.

Na actualidade, a realización destas prácticas desenvólvese no local obxecto do convenio asinado o 22.09.2000 entre o Concello e o IES de Salvaterra de Miño ao abeiro da normativa reguladora dos programas de garantía social. Estas instalacións, situadas na estrada de Vilasobroso, amosan unha serie de deficiencias técnicas detectadas nas inspeccións da Unidade Técnica da Xefatura Territorial da CCEOU que aconsellan habilitar un local alternativo con carácter provisional, durante o tempo necesario para acondicionar os espazos do IES. A duración destas actuacións estímase nun curso académico.

II. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

III. O artigo 3.10 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que os ciclos de Formación Profesional Básica serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto. A colaboración do concello permitirá ao alumnado residente en Salvaterra de Miño continuar recibindo a formación práctica correspondente ás ensinanzas de Formación Profesional Básica actualmente ofertadas pola administración educativa sen necesidade de desprazarse a outras localidades, polo que a sinatura deste convenio redundará en beneficio de toda a comunidade educativa do concello.

Para estes efectos, e co fin de posibilitar a súa consecución real e efectiva, instrumentase este convenio dirixido ao cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente. En virtude do exposto, ámbalas dúas partes acordan a súa subscripción de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. **Obxecto**

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Salvaterra de Miño para continuar impartindo o ciclo de Carpintaría e moble de Formación Profesional Básica no IES de Salvaterra de Miño.

Segunda. ***Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria***

A consellería continuará ofertando as ensinanzas obxecto deste convenio nos termos previstos na normativa reguladora e realizará a supervisión técnica que garanta a adecuación do local e das instalacións para a finalidade formativa prevista.

A consellería non asume obrigas de contido económico que resulten da execución do presente convenio.

Terceira. ***Obrigas do Concello de Salvaterra de Miño***

O concello realizará as actuacións necesarias no local situado no número 33 da rúa Chan da Ponte coa finalidade de acondicionalo para a realización das prácticas definidas na cláusula primeira. A supervisión e o control das actuacións corresponde á Unidade Técnica da Xefatura Territorial da CCEOU de Pontevedra para garantir o cumprimento das condicións técnicas esixidas pola normativa de aplicación.

Corresponde ao concello asumir a totalidade dos gastos que directa ou indirectamente deriven destas actuacións, así como o mantemento e a conservación dos espazos e instalacións para o uso ao que se destinan segundo o presente convenio.

Cuarta. ***Comisión de seguimento e control***

Créase unha comisión mixta de carácter paritario entre as dúas institucións asinantes para o seguimento e control do cumprimento deste convenio e para propoñer a resolución das dúbidas de interpretación e das controversias derivadas da súa execución. A comisión estará integrada por tres persoas en representación da consellería e outras tres en representación do concello. A presidencia corresponderá a unha das persoas representantes da consellería. Esta comisión reunirse no prazo de tres días contados dende a petición expresa de calquera das partes.

Quinta. ***Vixencia do convenio***

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate do curso escolar 2017-2018. Esta vixencia poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes durante o curso escolar 2018-2019 no caso de que non se rematasen as actuacións necesarias nas dependencias do IES de Salvaterra de Miño.

Sexta. ***Resolución***

Será causa de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

Sétima. ***Xurisdición***

O presente convenio ten natureza administrativa. As partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula cuarta, para a resolución das posibles controversias sobre a interpretación e o cumprimento do convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Polo Concello de Salvaterra de
Miño